



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACION EOI E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA INDUSTRIA CONECTADA 4.0

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar coa Fundación EOI (en adiante EOI), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue *dende o día da súa sinatura ata o o 30 de decembro de 2022*, podendo prorrogarse por acordo expreso de ambas partes debendo ser formalizado por escrito.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Desenvolver os termos da colaboración entre EOI e IGAPE para o desenvolvemento da iniciativa HADA e de ACTIVA INDUSTRIA 4.0 que ten como fin impulsar a transformación dixital das empresas industriais da Comunidade Autónoma Galega .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:



O Igape é unha entidade pública, adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, creado pola Lei 5 / 1992, de 10 de xuño como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, atraer inversións foráneas e facilitar a internacionalización do tecido produtivo, con especial énfase nas actuacións prevista na Axenda 4.0 de Galicia, que prioriza , a transformación dixital e tecnolóxica da Industria Galega.

Tendo en conta a coincidencia de obxectivos do Instituto Galego de Promoción Económica(IGAPE) e da Fundación EOI no marco dos seus fins e competencias, ambas entidades firmaron o 6 de agosto de 2019 un Convenio de Colaboración para o desenvolvemento da Estratexia Industria Conectada 4.0. A vista da positiva aceptación do Convenio por parte da industria galega , estimase convinte continuar co desenvolvemento da citada Estratexia e establecer un prazo de vixencia que abrangue varios exercicios orzamentarios, co fin de lograr unha xestión máis eficiente do programa e chegar a mais empresas industriais galegas. Deste xeito, o prazo de vixencia do Convenio extenderase nos exercicios 2020, 2021, e 2022

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. . As partes non teñen interés patrimonial senón que trátase de establecer unha colaboración institucional para levar a cabo una actuación en resposta de obxectivos compartidos.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director da Area de Competitividade do IGAPE